

## NUN RECUNCHO DO MUNDO XA CASE ESQUECIDO

Fixeramos unha longa viaxe ata chegar a aquel recuncho do mundo que xa case esquecera. Pasaran tantos anos dende a última vez que me achegara por aquelas terras ás que non botara en ningún momento de menos, que o sentimento de morriña que sentía naquel instante parecíame algo inexplicable.

Baixei a Eloi, o meu sobriño, do coche, leveino collido pola man ata o valo de pedra e axudeino a sentar enriba. Facía xa dez anos que non estaba naquel lugar e todo estaba tan distinto...

-Imos botar moito tempo aquí?- preguntoume o pequeno- É que non me gusta isto: non teño play, nin o ordenador nin ós meus amigos... e abúrrome moito.

As palabras daquel rapaz, que no fondo, non era moi distinto a min, fixéronme volver atrás e recordar unha tarde que xa case quedara no pasado. Senteime ao seu carón e díxenlle:

-Vouche contar unha historia que a min me contou a avoa, a túa bisavoa, cando aínda era unha cativa. Recordo que unha tarde de inverno tamén eu me puxen farruca porque non tiña nada que facer, ela colleume da man, tróuxome ata aquí e sentouse comigo neste mesmo lugar que estamos agora. Mirou ao lonxe e cun movemento do brazo dereito que abranguía todo o lonxe que poden acadar ver os teus ollos dixo: "ves todo isto, todo o que crece diante de ti? Antes era unha cidade, quizais no seu tempo, máis importante que a capital. Cando subías pola estrada, aínda de pedras (que tempo despois foi a primeira en ser asfaltada da zona) deixabas ós marxes da beirarrúa innumerables

negocios. De feito cando alcanzabas o alto da costa da nosa casa, onde están as escolas, xa deixaras atrás cinco baiucas, dúas perruquerías, tres modistas, un armeiro que tamén era soldador, o teu avó, o mellor de toda a bisbarra. Ata o chamaron para ir arranxar as campás da catedral de Compostela! Vindo cara aquí viches o edificio que estaba á dereita medio derruído polo tempo? Era unha fábrica de gasosas, e se seguías polo camiño que se alongaba en fronte podías chegar ata a fábrica de mobles que repartía por todo o país. Isto non foi sempre así” Eloi, eu tamén pensei, ata aquela tarde, o mesmo ca ti pero é certo, as cousas cambiaron. Ves esa casa xa chea de fendas? Alí vivían unhas persoas que sempre foron amigos da nosa familia. Non é que sentise moito aprecio polos máis xoves desa casa, pero recordo ir alí algunha vez, logo de saír do catecismo, e unha mulleriña baixiña, sempre vestida de loito, á que todos chamaban señora Carme, sentábame ao seu carón perante a cociña de leña e dábame unha cunca de chocolate quente para quentar o corpo. Quíxenlle moito, faleceu tempo despois de naceres ti... ela foi un motivo polo que lle collín gusto a este lugar... e pola avoa, claro está, que tanto me ensinou con esa sabedoría de xente maior que só cha poden dar os anos... foron bos os motivos polos que acabei colléndolle agarimo a este lugar e pasaba aquí as tardes con moita ledicia. Tes que quedarte co bo deste lugar, busca un pouco e atoparás motivos para que che guste.

-Tía, e se che gustaba tanto... por que marchaches?

- Non o sei, meu neno, non o sei, imaxino que por conseguir traballo, polos devezos de ter un futuro, de coñecer mundo, de ter liberdade...

-Pois xa sei o que hai que facer! Temos que volver converter isto nunha gran cidade... pero como as de antes non como as de agora! Así xa teremos un motivo polo que me guste. Que che parece?– dixo o neno cheo de entusiasmo.

Pero eu xa estaba moi lonxe, pensando nesa pregunta que me acababa de facer “e se che gustaba... Por que marchaches?” Intentei darlle a min mesma unha resposta convincente pero non fun quen. Moito tempo despois de que a miña avoa me dese aquela gran lección, mirando o mesmo atardecer vermello que se divisaba dende a igrexa aquela tarde, estaba eu, dez anos despois de marchar, plantexándome voltar a aquel recuncho do mundo xa case esquecido pero que tanto me regalara.

**Neverland 1996**